



O SALÓN

XXV SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

A MAXIA

Do 1 ao 17 de marzo de 2024
Pazo da Cultura de Pontevedra
www.salondolibro.gal

CATALUNYA
PAÍS CONVIDADO

Ilustración: La Platanera (Andrea Fernández)



O SAL ÓN

XXV SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

A MAXIA

HORARIO

De luns a venres:

De 17.00 a 20.00 h

Os sábados e domingos:

De 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.00 h

www.salondolibro.gal



O SALÓN: Modos de uso

ACTIVIDADES

- Se xa sabes que vas vir ao Salón, para algunhas actividades de balde como os obradoiros e algunhas destinadas a bebés, **habrá prazas que podes RESERVAR previamente a través da nosa web.**

Para facelo entra en www.salondolibro.gal, apartado **PROGRAMA 2024** e escolle, dentro do calendario, a actividade desexada. Unha vez dentro, preme no apartado **RESERVAR ENTRADA**, escolle o número de prazas que desexas e dálle ao botón de **CONFIRMAR RESERVA. Ollo! Se non dás a CONFIRMAR, non se fai efectiva.** Logo recibirás un correo electrónico de confirmación.

- Se non tes claro que día te achegarás ao Salón, non te preocupes! As actividades terán prazas dispoñibles que poderás reservar o propio día do evento. Achégate 5 ou 10 minutos antes do comezo ao espazo onde se celebre e pregunta ao noso monitorado.

- As **actividades con inscrición por correo-e** celebraranse fóra dos espazos habituais do Salón. Cómpre inscribirse nos enderezos electrónicos facilitados neste programa.

- Para o **resto de actividades** como os obradoiros dos días de entre semana (de luns a xoves) ou as sesións de contos na Biblioteca e Recinto feiral non é necesaria a inscrición previa. Habrá prazas dispoñibles por orde de chegada e ata completar a capacidade do espazo.



OLLO! ATENCIÓN! MOI IMPORTANTE!

Os obradoiros **teñen unha capacidade limitada.** Isto permitirá, con certeza, unha experiencia única. Sede puntuais, por favor, porque as prazas vanse reservar ata a hora de comezo da actividade. De non cubrirse nese momento, quedarán liberadas para as persoas en listaxe de agarda.

Se por algunha razón tedes entrada reservada e NON podedes vir, ESCRIBIDE O ANTES POSIBLE a: reservasalondolibro@gmail.com indicando día, hora, actividade e nº de prazas que “liberades”.

TROCA DE LIBROS

Un ano máis, o Salón acolle a troca de libros organizada polo IES Torrente Ballester en colaboración cos centros e ANPAS de Pontevedra. Se non tedes vales e tamén queredes participar podedes traer un ou varios libros infantís ou xuvenís e trocalos polos que máis vos presten dos dispoñibles. Animádevos! Será o domingo 10 de marzo de 11.00 a 14.00 h.



PRÉSTAMO DE LIBROS

Lembrade que temos unha marabillosa biblioteca na que se combinan a maxia das palabras coa das imaxes para coñecermos todos os mundos posibles. A que mola? **Podedes levar DOUS LIBROS por crianza por un máximo dunha semana.** Temos unha chea de libros novos para compartirmos con vós! Máis de 4.000 ao voso dispor!



25 ANOS DE SALÓN

Este ano celebraremos o 25 aniversario do Salón e faremolo cunha fermosa homenaxe aos centros de ensino que participaron nesta ilusionante andaina.



ONDE

O Salón desenvolverase nas instalacións do Pazo da Cultura, o Recinto feiral e o Teatro Principal.

Ademais, este ano teremos de novo á Rodalibros, a nosa biblioteca viaxeira, que vai percorrer todas as parroquias de Pontevedra. Consulta na web e neste programa as súas paradas e achégate!



CANTINA


O noso espazo gastronómico, Pizzería Henar, estará un ano máis no recinto feiral con petiscos máxicos e apócemas marabillosas para calmar a fame e a sede. Abrirá os venres pola tarde e as fins de semana co horario do Salón

VENDA DE ENTRADAS

Para **as actividades con custo** tedes as entradas na billeteira electrónica: www.ataquilla.com, e de non esgotarse desde 1 hora antes no espazo onde se celebre cada evento. Para as sesións con custe dirixidas a bebés poderás reservar as prazas en www.salondolibro.gal e efectuar o pagamento no acceso ao espazo da actividade o mesmo día de celebración da mesma.

Para o resto das actividades consultade o procedemento neste programa e na web. www.salondolibro.gal

A MAXIA



Lemos para transformar o mundo, como ben dicía o mestre Agustín Fernández Paz, que tantas veces nos visitou. E iso facemos no Salón desde hai vinte e cinco anos, poñer a lectura no centro, facer dos libros unha festa e un lugar de encontro para todos e todas.

Moito mudou o Salón desde ese primeiro encontro na cafetería do Pazo da Cultura, e moito medrou, mais seguen intactas a enerxía e a ilusión que serviron e serven de motor a este proxecto. Non sabemos se axudou a transformar o mundo pero si mudou, para mellor, a nosa cidade, dando de ler, de xogar e de imaxinar a varias xeracións de pontevedreses e pontevedresas.

Se hai algo que nos ilusiona especialmente é que arredor do Salón, nestes vinte e cinco anos, o público foi medrando, mais tamén transformándose canda nós. Hoxe, moitas das crianzas que asistiron nos primeiros anos como público forman parte do equipo de monitorado que sostén o día a día do Salón, ou son contacontos, directoras, actores, cantantes ou escenógrafos que deseñan espectáculos para gozarmos da lectura en

familia, ou escritoras e ilustradores que agora publican libros de seu. Tamén algunha desas crianzas son agora papás ou mamás, e traen da man as súas cativas coa mesma ilusión coa que viñan elas na infancia. E ata hai mamás do inicio que agora nos visitan cos seus netos. Algunhas das crianzas que viñan coa súa escola e o seu traballo para enfeitar o Salón, son agora docentes que dedican tempo e vontade no seu día a día para seguir facendo desta colaboración un momento máxico para a rapazada. Por iso escollemos como tema central desta vixésimo quinta edición A MAXIA, porque alén doutras definicións do termo ás que atenden as xeografías do Salón que veredes no Pazo da Cultura e a programación de actividades, tamén é “Efecto que causa algo ou alguén que atrae fortemente e ao que é difícil resistirse”. Non se nos ocorre mellor definición para ese obxecto maravilhoso, o libro, que contén palabras e imaxes e que garda entre as páxinas todos os mundos, todas as aventuras e todos os sonhos posibles. Grazas a todas e todos os que colaborastes a que estes vinte e cinco anos de maxia fosen realidade. Que empece o Salón!

PROGRAMA

VENRES 1 MARZO

18.30 h

**Espectáculo de Inauguración
25 anos de maxia: o faiado dos contos que foron ou poderían ser**

Dirección: Manuel Albariñas

Escola de Danza Ballet Galicia, Coro do IES A Xunqueira I, Escola Superior de Deseño e Moda de Galicia (ESDEMGA), Magia en la Manga, Su Garrido Pombo, Alicia Molina, Adela Bértolo, Iván Davila, Xandre Sierra e Olivia Bern.

20 minutos antes da función, haberá unha exposición inmersiva polo hall do Pazo e patio de butacas.

Auditorio. Acceso libre ata completar cabida

Logo da inauguración abriremos as portas do Salón para unha visita libre

SÁBADO 2 MARZO

MAÑÁ

11.30 h

● **GABINETE DE CURIOSIDADES**

Imaxin-arte

Itziar Ezquieta

Recanto de É ou non é | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

11.30 h

● **OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS**

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

- SESIÓN DE CONTOS
- OBRADOIROS
- RODALIBROS DO SALÓN
- CINEMA
- TEATRO E ESPECTÁCULOS
- MÚSICA E CONCERTOS
- VISITAS, ROTEIROS E PASEOS
- FALADOIROS
- EXPOSICIÓNS



12.00 h

● **CONTOS PARA BEBÉS**

Benvido á casa

Alicia Molina

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

12.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA**

El cant dels ocells. Descubrinto a Pau Casals

Polo Correo do Vento

Recinto feiral | Público familiar

TARDE

17.00 h - 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Santa María de Xeve

17.00 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS**

Máxica cociña: pa de pessic

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

17.15 h

● **OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN**

Abacadabra!

La Platanera

Arkandemia | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

17.00 h e 18.30 h

● **CONTOS PARA BEBÉS**

De Tin Marín

Soledad Felloza

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Contos contados e cantados

Alicia Molina

Recinto feiral | Público familiar

18.45 h

● **OBRADOIRO DE PASTE-UP**

O Papalibros 3020 MaxPRO

Sofía Venzel e Michel Casado

Recanto de É ou non é | De 5 a 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

19.00 h

● **OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS**

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

19.00 h

● **MÚSICA**

Un soño é... *

Uxía Lambona e a Banda Molona

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

DOMINGO 3 MARZO

MAÑÁ

11.30 – 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Centro social A Devesa, Alba

11.30 h

● **A HORA DO CONTO**

Museo de pegados

Pavís Pavós

Arkandemia | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

11.30 h

● **OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN**

Dinosaurizate

Rena Ortega

Espazo de Catalunya | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info páx. 6

12.00 h

● **CINEMA NO PRINCIPAL**

Mironins

Mikel Mas Bilbao e Txesco Montalt

Cineclube Pontevedra

Teatro Principal | Familias con crianzas + de 3 anos

61 min | Acceso libre ata completar cabida

12.00 h

● **CONTOS PARA BEBÉS**

Contos con recendo a ceo azul

Sherezade Bardají

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.30 h

● **ESPECTÁCULO DE TEATRO E MÚSICA**

0 libro máxico

Migallas Teatro

Recinto feiral | Público familiar

TARDE

17.00 h - 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Parque Casal do Río. Tomeza

17.00 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS**

Máxica cocíña: teules catalanas

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.15 h

● **OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN**

0 bosque animado

La Platanera

Arkandemia | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6



17.00 h e 18.30 h

● **CONTOS PARA BEBÉS**

Benvido á casa

Alicia Molina

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Pum! Contos dunha bruxa lambona

Sherezade Bardají

Recinto feiral | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS**

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

● **GRAN GALA DE MAXIA**

A maxia dos soños *

Joshua Kennet, Lore Lavand, Mago Rafa,
Dani Polo e Mago Paco

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

LUNS: 4 MARZO

17.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

Monitorado do Salón

17.30 h - 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Miradoiro de Monte Porreiro

18.00 h

Estrea!

● **ESPECTÁCULO DE NARRACIÓN ORAL**

Descubriendo magas

Raquel Queizás

Salón de actos | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO POR ARTE DE MAXIA**

A maxia da luz: contos de lanterna

Monitorado do Salón

Arredor da Cacharela

MARTES: 5 MARZO

17.15 h

● **OBRADOIRO POR ARTE DE MAXIA**

Abrapalabra!

Monitorado do Salón

Sala de exposicións

18.00 h

Estrea!

● **SESIÓN DE CONTOS E ILUSTRACIÓN**

Nada por aquí... nada por alí!

Caxoto e Marc Taeger

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● OBRADOIRO DE CREATIVIDADE LITERARIA

Druídas e dryades

Kairós Centro de Desenvolvemento

Arkandemia | A partir de 4 anos

MÉRCORES 6 MARZO

17.30 h - 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Local de Cons, Mourente

17.15 h

● VISITA GUIADA AO SALÓN

A maxia das palabras

Monitorado do Salón

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS E ILUSTRACIÓN

Que mal día, gato Klops!

Estefanía Padullés

Biblioteca do Salón | A partir de 6 anos

19.00 h

● OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

A lenda de San Jordi

Estefanía Padullés

Arkandemia | A partir de 6 anos

19.00 h

● OBRADOIRO POR ARTE DE MAXIA

XimMaxia

Monitorado so Salón

Sala de exposicións

XOVES 7 DE MARZO

17.15 h

● FALADOIRO

Guía Ninja do Ilustrador

Alberto Guitián e Leandro Barea. AGPI

Salón de actos | Público profesional

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h - 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Centro social de Campañó

17.15 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Palabras máxicas

Monitorado do Salón

Sala de exposicións

18.00 h

Estrea!

● SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA

O chintófano de Dorothé

Sonsoles Penadique

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Apócemas máxicas

Monitorado do Salón

Sala de exposicións

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.30 h

● ENCONTRO LECTOR

Viaxes en tren de primeira clase

Dani Torrent. Triqueta Editora

Librería Paz | Rúa Peregrina, 29. Pontevedra

VENRES 8 MARZO

CELEBRAMOS (E REIVINDICAMOS!) O
DÍA DA MULLER

17.15 h

● OBRADOIRO

Contas moito

Taller Abierto

Reservas en info@tallerabierto.gal

De 7 a 12 anos



17.15 h

● OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS

Máxica cociña: superheroínas con mandil

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.15 h

● OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

Un pouco de maxia... e a voar!

Aida Alonso

Arkandemia | A partir de 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h - 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Casa Verde de Salcedo

17.30 h

● CONTOS PARA BEBÉS

Entre contos e cantigas

Pavís Pavós

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

● ESPECTÁCULO DE MAXIA

Fábrica de feitizos e igualdade

A Maga Fani

Recinto feiral | Público familiar

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Mulleres ao poder!

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

● CONCERTO

Máxica música

Odaiko

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

SÁBADO 9 DE MARZO

MAÑÁ

11.30 h

● OBRADOIRO

Contas moito

Taller Abierto

Reservas en info@tallerabierto.gal

De 7 a 12 anos

11.30 h

● GABINETE DE CURIOSIDADES

As cousas que non vemos

Itziar Ezquieta

Recanto de Arte e Maxia | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

Estrea!

● ESPECTÁCULO DE DANZA E MÚSICA PARA BEBÉS

Animais EnCantados

Sonsoles Penadique e Carla Cecilia Riquelme

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal | Prezo: 3€

12.00 h

● ROTEIRO DE PISTAS POLA CIDADE

Na procura do alicornio

Leucoíña pasea

Inscripcións en paseapontevedra@gmail.com

A partir de 6 anos

12.00 h

Homenaxe 25 anos de centros de ensino no Salón

Acto guiado por Andrea Bayer e Xacobe Rodríguez

Shi Quartet e Coro Infantil e Xuvenil Luis García Limeses

Salón de actos | Acceso libre ata completar cabida

12.30 h

● SESIÓN DE CONTOS

Un saco de contos

Angeles Goás

Recinto feiral | Público familiar

TARDE

17.00 h

● OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS

Máxica cociña: madalenas con sorpresa

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.00 - 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Praia fluvial de Ponte Sampaio



17.00 h

● **OBRADOIRO MÚSICA E CONTOS**

A maxia da música nos contos

Gaia Escola de Música

Arkandemia | De 3 a 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.00 e 18.30 h

● **ESPECTÁCULO DE DANZA E MÚSICA PARA BEBÉS**

Animais EnCantados

Sonsoles Penadique e Carla Cecilia Riquelme

A Cova dos Libros Fantásticos. De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal | Prezo: 3€

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA**

Little neno descobre os Rolling Stones

A Reixa Producións

Recinto feiral | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS**

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

● **ESPECTÁCULO DE MAXIA**

Ilusionante *

Pedro Volta

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

DOMINGO 10 MARZO

MAÑÁ

11.00 - 14.00 h

Troca de Libros

Recinto feiral | Público familiar

Máis info en salondolibro.gal e na pág. 6

11.30 - 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Centro social de Estribela

12.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS ITINERANTE**

Natureza máxica

O Carballo con Botas

Recinto feiral e Sala de exposicións | Público familiar

11.30 h

● **OBRADOIRO**

Contas moito

Taller Abierto

Reservas en info@tallerabierto.gal

De 7 a 12 anos

11.30 h

● **A HORA DO CONTO**

Voilà

Pavís Pavós

Arkandemia | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6



12.00 h

● **CINEMA NO PRINCIPAL**

A viaxe de Ernest e Celestine

Jean-Christophe Roger, Julien Cheng, Cineclub Pontevedra

Teatro Principal | Familias con crianzas + de 5 anos

79 min | Acceso libre ata completar cabida

12.00 h

● **ESPECTÁCULO DE CONTOS E MÚSICA PARA BEBÉS**

Carapuchiña e os cinco lobiños

Angeles Goás e Cristina Castro

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal | Prezo: 3€

12.30 h

● **CONTOS E LINGUA DE SIGNOS**

Contar coas mans

Susana Peix

Espazo de Catalunya | De 4 a 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

TARDE

17.00 h


● **OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS**

Máxica cociña: variñas máxicas de galleta

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6



17.15 h

● **CONTOS E LINGUA DE SIGNOS**

Contar coas mans

Susana Peix

Espazo de Catalunya | De 6 a 9 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 – 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Campo da Feira. Santo André de Xeve

17.30 h

● **ESPECTÁCULO MUSICAL PARA BEBÉS E FAMILIAS**

Palabras

Baobab Teatro

Salón de actos | Familias con crianzas de 0 a 6 anos

Entrada libre ata completar cabida

18.30 h

● **CONCERTO**

Contos eléctricos

A banda do Rock Lab

Recinto feiral | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS**

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

● **TEATRO E CLOWN + SINATURA DE LIBROS**

PAÛRA **

Cía Lucas Escobedo

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

LUNS 11

17.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

A maxia das palabras

Monitorado do Salón

17.30 - 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Centro social A Canicouva

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS E ILUSTRACIÓN**

El timbaler del Bruc

Anton Ke e Tania Solla

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00

● **OBRADOIRO LITERARIO**

Contos da Fraga de Esmelle

Monitorado do Salón

MARTES 12

17.15 h

● **OBRADOIRO POR ARTE DE MAXIA**

Abrapalabra!

Monitorado do Salón

18.00 h

● **ESPECTÁCULO DE MAXIA**

Hocus Pocus

O Mago Paco

Salón de actos | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● **OBRADOIRO POR ARTE DE MAXIA**

Area máxica

Monitorado do Salón

Sala de exposicións

MÉRCORES 13

17.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

A maxia das palabras

Monitorado do Salón

17.30 – 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Praza de Ramallás, Lárez

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA

Contos con música e maxia!

Bea Campos

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Sombras máxicas

Monitorado do Salón

Sala de exposicións

19.00 h

● CONCERTO

A maxia da voz

Coro Infantil e Xuvenil Luis García Limeses
e Coro Infantil do Conservatorio Manuel Quiroga
de Pontevedra

Salon de actos | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

20.00 h

● VISITA GUIADA

Presentación do catálogo: “Personaxes do universo máxico galego”

Ana Seoane e M. Lourenzo González

Hall de entrada do Pazo da Cultura

XOVES 14

17.15 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Contos máxicos

Monitorado do Salón

Sala de exposicións

17.15 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 – 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Centro social Salgueiral, Bora

18.00 h

● ESPECTÁCULO DE MAXIA E MONICREQUES

Sim Salabim

Javier Muro

Salon de actos | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Abrapalabra!

Monitorado do Salón

Sala de exposicións

VENRES 15

17.15 h

● OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS

Máxica cocíña: a receita das bruxas

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.15 h

● OBRADOIRO DE CREACIÓN

Catálogo de bruxas

7H Cooperativa Cultural

Espazo Arkandemia | De 5 a 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 – 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Centro social de Marcón

17.30 h

● SESIÓN DE CONTOS PARA BEBÉS

Entre contos e cantigas

Pavís Pavós

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

Contos de meigas

Paula Carballeira

Recinto feiral | Público familiar

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6



19.00 h

- ESPECTÁCULO DE MONICREQUES + SINATURA DE LIBROS

Titiricircus

Tanxarina

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

SÁBADO 16

MAÑÁ

11.30 h

- GABINETE DE CURIOSIDADES

As cousas que non vemos

Itziar Ezquieta

Recanto de Arte e Maxia | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h

- OBRADOIRO DE ESCRITA

Animalario de ler a diario

Eduard Velasco

Espazo Catalunya | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

- ROTEIRO DE PISTAS POLA CIDADE

As fórmulas máxicas dos pastequeiros

Leucoña pasea

Inscricións en paseapontevedra@gmail.com

A partir de 6 anos

12.30 h

- CONTOS PARA BEBÉS

Contando animais

Manuel Solla “Os Carballiños”

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.30 h

Estrea!

- SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA

Menú máxico de contos

Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Recinto feiral | Público familiar

TARDE

17.00 – 19.30 h

- RODALIBROS DO SALÓN

Centro social Cerponzóns

17.00 h

- OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS

Máxica cocíña: Apócema de limón

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.00 h e 18.30 h

- ESPECTÁCULO PARA BEBÉS

Almanaque Musical

Percubebés con Marcelo Dobode e Beatriz Martínez

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal | Prezo: 3€

17.00 h

- OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

A maxia do debuxante

Anxo Fariña

Arkandemia | De 3 a 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

- SESIÓN DE CONTOS, MÚSICA E CLOWN

O mundo máxico dos libros

Expresión

Recinto feiral | Público familiar

19.00 h

- OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 7 anos

Reservas en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

Estrea!

- ESPECTÁCULO DE MAXIA E MÚSICA

Sinfonía Máxica

O Mago Teto e Banda de Música de Salcedo

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

DOMINGO 17

CELEBRAMOS O DÍA DO CÓMIC

MAÑÁ

11.30 – 13.30 h

- RODALIBROS DO SALÓN

Verducido



11.30 h

● A HORA DO CONTO

Tatachán!

Pavís Pavós

Arkandemia | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h

● OBRADOIRO DE CÓMIC

Meigatas

Paula Cheshire

Recanto BD | A partir de 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● ESPECTÁCULO PARA BEBÉS

Patapatúm

O Mago Paco

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal | Prezo: 3€

12.00 h

● CINEMA NO PRINCIPAL

Nicky, a aprendiz de bruxa

Hayao Miyazaki | Cineclubes Pontevedra

Teatro Principal | Familias con crianzas + de 5 anos

101 min | Acceso libre ata completar cabida

12.30 h

● ESPECTÁCULO DE MAXIA

Magos e magas na literatura

Magia en la Manga

Recinto feiral | Público familiar

TARDE

17.00 h

● OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS

Máxica cociña: *panellets* máxicos

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.00 h

● CONTOS E ILUSTRACIÓN

O androide Simón

Alba Rozas e José Manuel Dopazo

Biblioteca do Salón | De 3 a 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.15 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

A maxia dos videoxogos

MUVI

Recinto feiral | A partir de 6 anos

Reservas en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h

● OBRADOIRO DE MAXIA

Quen quere ser mag@?

Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h

● ESPECTÁCULO PARA BEBÉS

Patapatúm

O Mago Paco

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal | Prezo: 3€

18.30 h

● ESPECTÁCULO DE CLAUSURA

Rockus Pocus

Rock Lab e a Orquestra Sinfónica de Pontevedra

Público familiar

Convites en Ataquilla.com | De balde

Ás 18.30 h pecharemos as portas do Salón para irmos todos e todas ao espectáculo de clausura e despedir esta máxica edición.



ACTIVIDADES FAMILIARES DE CATALUNYA

Os libros son fiestras para mirar outros mundos, pontes para achegarnos a outras culturas. Por iso cada ano escollemos un país e unha lingua convidada, unha literatura infantil e xuvenil que enche os andeis do Salón a carón da nosa. Este máxico ano é Catalunya e teremos contos, cine, cantos, libros, ilustracións e petiscos cataláns para afondar na súa lingua, literatura e cultura. Descubrimos, ademais, que temos en Galiza moitos creadores e creadoras *catalogalegos*, editoras que publican en galego e catalán e familias de Pontevedra que comparten as dúas linguas. Sexan os libros camiños de ida e volta cos que coñecemos e recoñecemos, os galegos e galegas que viven en Catalunya e viceversa.

Us donem la benvinguda!

SÁBADO 2 MARZO

MAÑÁ

12.00 h

● **CONTOS PARA BEBÉS**

Benvido á casa

Alicia Molina

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA**

**El cant dels ocells.
Descubrinto a Pau Casals**

Polo Correo do Vento

Recinto feiral | Público familiar

TARDE

17.00 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS**

Máxica cocíña: pa de pessic

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Contos contados e cantados

Alicia Molina

Recinto feiral | Público familiar

DOMINGO 3 MARZO

MAÑÁ

11.30 h

● **OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN**

Dinosaurízate

Rena Ortega

Espazo de Catalunya | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● **CINEMA NO PRINCIPAL**

Mironins

Mikel Mas Bilbao e Txesco Montalt

Cineclub Pontevedra

Teatro Principal | Familias con crianzas + de 3 anos

61 min | Acceso libre ata completar cabida

12.00 h

● **CONTOS PARA BEBÉS**

Contos con recendo a ceo azul

Sherezade Bardají

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

TARDE

17.00 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS**

Máxica cocíña: teules catalanas

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.00 h e 18.30 h

● **CONTOS PARA BEBÉS**

Benvido á casa

Alicia Molina

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Pum! Contos dunha bruxa lambona

Sherezade Bardají

Recinto feiral | Público familiar

MÉRCORES 6 MARZO

TARDE

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS E ILUSTRACIÓN**

Que mal día, gato Klops!

Estefanía Padullés

Biblioteca do Salón | A partir de 6 anos

19.00 h

● **OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN**

A lenda de San Jordi

Estefanía Padullés

Arkandemia | A partir de 6 anos

XOVES 7 DE MARZO

TARDE

19.30 h

● ENCONTRO LECTOR

Viaxes en tren de primeira clase

Dani Torrent. Triqueta Editora

Librería Paz | Rúa Peregrina, 29. Pontevedra

DOMINGO 10 MARZO

MAÑÁ E TARDE

12.30 h e 17.15 h

● CONTOS E LINGUA DE SIGNOS

Contar coas mans

Susana Peix

Espazo de Catalunya | De 4 a 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

LUNS 11

TARDE

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS E ILUSTRACIÓN

El timbaler del Bruc

Anton Ke e Tania Solla

Biblioteca do Salón | Público familiar

SÁBADO 16

MAÑÁ

11.30 h

● OBRADOIRO DE ESCRITA

Animalario de ler a diario

Eduard Velasco

Espazo Catalunya | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

DOMINGO 17

TARDE

17.00 h

● OBRADOIRO DE COCIÑA E CONTOS

Máxica cociña: *panellets máxicos*

Reviravolta

Espazo Gastro. Recinto feiral | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6



PARADAS:

SÁBADO
2
MARZO

17.00 a 19.30 h | Centro cultural
Santa María de Xeve

LUNS
11
MARZO

17.30 a 19.30 h | Centro social da Canicouva

DOMINGO
3
MARZO

11.30 a 13.30 h | Centro social de A Devesa, Alba
17.00 a 19.30 h | Parque do Casal do Río, Tomeza

MÉRCORES
13
MARZO

17.30 a 19.30 h | Praza de Ramallás, Lérez

LUNS
4
MARZO

17.30 a 19.30 h | Miradoiro de Monte Porreiro

XOVES
14
MARZO

17.30 a 19.30 h | Centro social Salgueiral, Bora

MÉRCORES
6
MARZO

17.30 a 19.30 h | Centro social de Cons, Mourente

VENRES
15
MARZO

17.30 a 19.30 h | Centro social de Marcón

XOVES
7
MARZO

17.30 a 19.30 h | Centro social de Campañó

SÁBADO
16
MARZO

17.00 a 19.30 h | Centro social Cerponzóns

VENRES
8
MARZO

17.30 a 19.30 h | Casa Verde de Salcedo

DOMINGO
17
MARZO

11.30 a 13.30 h | Verducido

SÁBADO
9
MARZO

17.00 a 19.30 h | Praia fluvial de Ponte Sampaio

DOMINGO
10
MARZO

11.30 a 13.30 h | Centro social de Estribela
17.00 a 19.30 h | Campo da feira,
Santo André de Xeve

ORBILPARADE

Sete estatuas da nosa mascota, o lobo ORBIL, estarán espalladas por Pontevedra. Unha delas será intervirda artisticamente polo alumnado do bacharelato artístico do IES Frei Martín Sarmiento.

Explora, descúbreas e envíanos unha foto a salondolibro@pontevedra.gal

Tamén podes colgalas nas túas redes usando o cancelo **#OrbilParade**



XEOGRAFÍA DO SALÓN

Exposición PERSONAXES DO UNIVERSO MÁXICO GALEGO

Unha galería de trinta retratos de persoas e seres fabulosos da tradición popular galega relacionados coa maxia: meigas e bruxos, adiviños e curandeiras, señores dos ventos e do subsolo, donas das augas, lobishomes, trasgos, pantasma, diaños, sereas...

Realizados por outros tantos artistas utilizando os máis diversos estilos e técnicas.

Neves Seara
Moncho Eiras
Noemí López
Óscar Villán
Eva Rodríguez
Nuria Mallo García
Momia
Ana Seoane
Itziar Ezquieta
Carmen Hermo
Aritz Amatria
Uxía Fernández Outeiral
Cristina Martínez
Manolo Figueiras
Luz Fraga

Alba Blanco
Silvia García
Belén Padrón
Kiko da Silva
Iria Aldegunde
Ángela Alonso Roa
Nuria Rama Faria
Antía Fariñas
Alfonso Zaráúza
Toño López
Peniche
Manuel Fragoso
Fernando Suárez
Lara Cores
Ramón Losada

Espazo A ARKANDEMIA

A poderosa Academia da Maxia Arkana, máis coñecida como Arkandemia, mostra unha selección dos produtos máis importantes da súa farmacopea xunto cunha escolma de receitas e ofrece prácticas de Bruxaría Básica para desvelar os segredos dos minerais e as plantas, aprender ensalmos e preparar elixires e apócemas para o ben ou para o mal.

Espazo ARREDOR DA CACHARELA

Un grupo de viaxeiras e viaxeiros foron desviados das súas rutas ata un lugar illado pola neve onde deberán pasar a noite. Para coñecerse, acordan prender unha cacharela e contar un tras outro relatos sobre historias asombrosas. Nalgún momento, empezarán a sospeitar que o que os levou alí non foi un simple azar...

Biblioteca FRAGA DE ESMELLE

A Biblioteca do Salón está situada na entupida Fraga de Esmelle, un espazo que homenaxea a gran novela galega da fantasía máxica Merlín e familia, coa que don Álvaro Cunqueiro converteu o noso país no centro de toda a maxia do mundo coñecido e aínda do descoñecido. Aí pódense consultar novelas, contos, poemas e toda clase de libros que farán medrar nas nosas cabezas outras fragas de imaxinación e coñecemento.

Biblioteca Infantil O MUNDO AO REVÉS

A Biblioteca Infantil habilitase nun escenario na que a cativada pode ler entre nubes, aves e naves de altos voos.

Exposición COUSAS DOS LIBROS

M. Lourenzo González

Na exposición Cousas dos Libros amósanse obxectos reais do universo da maxia que se mencionan na literatura do xénero, como vasoiras de meiga, aneis de poder, puñais para matar vampiros, pedras vedoiras, lámpadas con xenio, varas de encantar, grimorios, camiños de quita e pon...

XEOGRAFÍA DO SALÓN

Espazo TRAMPA DE FADAS

Dedicase un recanto á venda de libros nun espazo ambientado polo colectivo Refugallo, formado por alumnas da facultade de Belas Artes.

Exposición TRABALLOS ESCOLARES

Como cada ano, dásele relevancia á exhibición dos traballos escolares, un alarde de esforzo e gran creatividade, realizados no que vai de curso nos colexios e institutos colaboradores arredor da proposta “A maxia na literatura”.

Unha ocasión que se aproveita nesta xeira para render unha merecida Homenaxe aos centros de ensino, que cada ano colaboran co Salón do Libro promovendo a participación e as visitas do alumnado.

Memorial 25 ANOS DO SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

A teor de celebrarse nesta edición os vinte e cinco anos do Salón do Libro, un número que non pode pasar desapercibido, faise un percorrido pola súa memoria a través dos cartéis de cada edición e as lembranzas de moitas persoas que colaboraron nel ao longo do tempo.

País convidado CATALUNYA

Resérvase un espazo do Salón para un encontro especial coa literatura infantil e xuvenil do país convidado deste ano, Catalunya, que representamos cunha mostra de libros senlleiros e máxicos seleccionados por lbbycat Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil. Tamén teremos as ilustracións de Dani Torrent para a obra: *Viatges en trens de primera classe*, Bologna Ragazzi Award. Editado por Triqueta Editora.

Recanto É OU NON É

Existe unha maxia que se produce co engano dos sentidos. Neste espazo, a cargo de As Dúas e Punto e Asociación Paspallás, acharás unha mostra deses efectos físicos que son as ilusións ópticas, no Museo Portátil de Arte e Maxia.

Espazo MUVI

As novas tecnoloxías tamén teñen o seu espazo no Salón con “A maxia dos videoxogos”, unha exposición acompañada de contido interactivo, obradoiros e actividades que nos levarán por unha viaxe fantástica de descuberta, programación, deseño, maxia... e moito xogo!

Exposición MEIGOS DE BANDA DESEÑADA

Un ano máis, a Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración O Garaxe Hermético presenta unha mostra do traballo do alumnado co tema da presenza de seres con poderes máxicos no mundo da BD.

ARTISTAS PARTICIPANTES:

José Iglesias
Naiara Pinto
Manuel Andrade Carballido
Martina Vaz
Santiago Rey Fariña
Xián Caamaño
Erika Da Silva
Laura Fernández Silva
Fátima Gago López
Marco Pérez Miguelez
Andrea Lois

XEOGRAFÍAS IMAXINARIAS

En distintas partes do Salón recreáanse paisaxes e elementos que aluden aos lugares míticos do ar, do mar, da terra e aínda do subsolo, esas xeografías imaxinarias, ou non tan imaxinarias, que nos deron a coñecer nos seus libros afoutas viaxeiras e viaxeiros dos soños e da ficción.

Espazo O CONTO DE IRES E NON VIRES

No Recinto Feiral

Nun amplo escenario de paisaxes máxicas percorridas por múltiples camiños, realizado por Trisquelia, ofrécese a quen nos visita a oportunidade de ser protagonistas dun peculiar conto que cómpre construír a modo de xogo.

E un longo etc de ESCENARIOS, ELEMENTOS E EXPERIENCIAS

A Proba das Mazás Envenenadas, que se esixe para cursar o Grao de Profesional de Maxia na poderosa Arkandemia.

O Espello Lunar, que se alguén se ve reflectido nel debe seguir un rixido ritual de desencantamento ou a metade do seu corpo ficará preso na Lúa.

A Roda do Azar, na que un pode mellorar ou empeorar o seu destino segundo a combinación que lle resulte nos Catro Enunciados Crípticos.

O conto ilustrado A Galiña das Plumas Verdes, toda unha experiencia de vida no ámbito do cortello.

Puzles para xogar a inventar seres máxicos.

O Conxuro Retornante, co que se pide axuda para salvar o planeta do cataclismo que profetizaron antigos videntes.

Unha colección de Libros Encantados e Encantadores que levan o obxecto libro máis alá de si mesmo.

Espazos para a lectura recollida de libros significados dentro do xénero da maxia.



DEBUXO PARA **ORBIL**

Orbil está encantado co tema deste ano no Salón. Ten preparada a súa variña, capa e chapeu de mago e pensa aprendernos as súas apócemas favoritas! Ademais, quere saber cales son os personaxes máxicos que máis che prestan. Podes axudalo?

Se te animas, usa a páxina seguinte e debuxa o teu libro, xogo ou personaxe máxico favorito. Se queres, podes explicar por que che gusta tanto (se non dominas aínda as letras, pídelles axuda a unha persoa adulta!). Non esquezas poñer o teu nome e o teléfono dunha persoa adulta responsable, e entrarás no sorteo dun lote de libros (e outras sorpresas!).

Crea, pinta, coloreas e deixa o teu debuxo na caixa para **ORBIL** que hai na sala de exposicións do Pazo da Cultura.

PARA **ORBIL** DE PARTE DE:

Teléfono ou enderezo
electrónico dunha
persoa adulta responsable
para participar no sorteo:

O sorteo realizarase publicamente o día 16 de marzo de 2024 ás 18.00h na sala de exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra, escollendo unha carta de entre todas as introducidas no "Caixa de debuxos para **ORBIL**". Este teléfono ou correo -e só será empregado para notificar á persoa responsable gañadora do sorteo. **Non gardaremos estes datos de carácter persoal nin os empregaremos para ningún outro fin** que non sexa a notificación á persoa gañadora. O resto de cartas enviadas serán gardadas polo Concello de Pontevedra durante 6 meses e debidamente destruídas posteriormente.

Entidades e persoas colaboradoras

Alumnado da Facultade de Belas Artes
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
Centros de ensino de Pontevedra e comarca
CIFP Carlos Oroza
Coro Infantil e Xuvenil Luis García Limeses
Coro Infantil do Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra
Cumio Editora
David Castro
Deleite
Edicións Xerais de Galicia
GÁLIX
IbbyCat Consell Català del Llibre Infantil e Juvenil
IES Frei Martín Sarmiento
IES Torrente Ballester
Institut Ramon Llull
Llibrería Paz
Llibrería Seijas
Llibrería Casa Anita Barcelona
O Garaxe Hermético
OQO editora
ONCE
Pilar Sampedro
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra
Triqueta Editora
Viaqua
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo

• • •

Un agradecemento moi especial a:
Rede de Escolas Asociadas da UNESCO. En especial a Luísa Márquez.

• • •

Este programa e todo o afecto do Salón do Libro vai para as librerías de Pontevedra, ás escolas e docentes, á rapazada e ás familias, aos colectivos, e a tantas persoas que axudaron a facer realidade estes vinte e cinco anos do Salón,

GRAZAS
Salón Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Pontevedra



O SALÓN

www.salondolibro.gal



Este folleto é meramente informativo e pode sufrir variacións.
Consulta a información actualizada na web do Salón
e nas nosas redes sociais

As actividades marcadas con * contan co apoio de:



As actividades marcadas con ** contan co apoio económico de:

